


O CANDIL

Abril 1999

Nº 20



CRUCEIROS CRUCES E PETOS DO CONCELLO DE BUEU

Unha vez máis sae O Candil da man de amigos e colaboradores para, sen querer esgota-lo tema, amosar unhas testemuñas que, ó longo dos tempos, presidiron a vida cotiá dun pobo como símbolo dunha crenza: as cruces, cruceiros e petos.

Neste número do Candil recollemos unha parte do traballo “*Cruceiros e cruces da Península do Morrazo*”, de Manuel Aldao Portas quen puxo á nosa disposición toda a súa documentación fotográfica e de investigación.

As descricións non pretenden ser finais, máis ben queren ser unha invitación a que nos paremos un pouco a visualizar esas cruces e cruceiros coma conxuntos, ós seus elementos e ornamentacións, a coñecer algo dos seus recantos históricos...


Lamentar o desnaquizamento, como nas cruces de Menla en Meiro, Devesa na Portela,... así como os desaprehensivos actos de furtivismo, abandono e/ou vandalismo como as cruces de Paradela en Cela, a da Canexa na Portela, Cruz do Outeiro, e o roubo da imaxe do Cristo da Capela de San Xosé... que case sempre levan a súa desaparición.

Desde aquí pretendemos, á súa vez, reclama-la atención para que esta grande parte do noso patrimonio non sufra o abandono, deterioro, asentamentos fora de contexto, etc. que moitas veces veñen a padecer.

O CEIP de Bueu quere agradecer a todas aquelas persoas que dalgunha forma aportan ideas, información, ... para que traballos coma este poidan ve-la luz.

***“Gradas que soben a pedestal seguro
no que chantan monolitos de firmeza
con gornxas de volutas e nobreza
coroadas coa dor do Infalible.”***

Coordina:	Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran:	Manuel Aldao Portas Benito Fernández Alonso X. Manuel Cerviño, Xosé L. Fernández Aldegunde
Patrocina:	Dirección Xeral de Política Lingüística
Dep. Legal:	PO-2-96
ISSN :	1137-1994



Elementos do cruceiro

O CRUCEIRO

O cruceiro é un dos monumentos populares máis abondosos na nosa terra. Nace como froito do profundo fervor relixioso e do esoterismo que aniña na alma galega.

"....oración de pedra para perenne agradecemento....", ".....revelación de espiritualidade...", "un perdón que baixou do ceo....", etc. son algunhas das poéticas definicións que atopamos para os cruceiros, ós que Ramón Cabanillas arrinca das entrañas da nosa terra:

*Cando a pedra dormida e acocha
Da terra nai no garimoso seo
Desperta do seu sono milenario
E quer ser oración e pensamento,
Florece nun varal, estende os brazos,
E pódose de pé faise cruceiro.*

XÉNESE E ARTE DO CRUCEIRO

Difícil é documenta-lo proceso de transformación da cruz ó cruceiro, só aventurar hipóteses; tal vez un primeiro paso se dera na cristianización dos miliarios romanos. Ó asentar unha cruz sobre o bloque do miliario, aparecen xa dous elementos perfectamente diferenciados. Se, a semellanza das cruces procesionais que van inseridas nun varal para que poidan ser contempladas comodamente pola multitude, se quere elevar tamén a árbore da cruz, o bloque do miliario quédase curto, é polo que nos atopamos coa necesidade do varal do cruceiro que o dignifica na altura.

Como monumento artístico para ter categoría de cruceiro debe conter os seguintes elementos: PEDESTAL, FUSTE, CAPITEL e CRUZ, con ou sen imaxes.

PLATAFORMA

É moi frecuente que o monumento do cruceiro estea enriquecido cunha basamenta dunha ou varias gradas cuadrangulares ou doutras formas xeométricas. As gradas, son incorporadas para darlle maior magnificencia ó conxunto do cruceiro.

Outro elemento incorporado ó conxunto do cruceiro e a mesa, onde se presentan as preces ou se pousaban os cadaleitos para rezarlle os responsos fúnebres.

PEDESTAL

O pedestal créase por unha esixencia arquitectónica; para manter ergueito o cruceiro, había que lle pór unha base sólida que aguantase dos embates do vento. Este elemento é imprescindible no cruceiro, agás dos que teñen como tal un penedo natural. A forma máis abondosa soe ser a cúbica.

É no pedestal onde aparecen as inscricións de data, dedicación, persoa que o mandou facer e outras lendas, aínda que, nalgúns casos, tamén aparecen no fuste.

FUSTE-VARAL-COLUMNNA

O fuste é esa columna, que arrinca do pedestal e elevando a árbore da cruz magnificando ó cruceiro. Importante elemento no conxunto monumental e que os canteiros coidaban, escollendo unha boa pedra sen fallas, pois dunha lonxitude de dous ou tres metros ía ser afinada para facela lanzal e ter que soportar verticalmente o capitel e a cruz, que nos cruceiros de dobre imaxe supón un peso considerable.

No fuste é frecuente que aparezan incorporados signos da paixón, santiños, o desenvolvemento do pecado orixinal, e outras inscricións. As súas formas son tan variadas como as dos demais elementos do cruceiro.

CAPITEL

Dada a marcada diferenca de formas entre o varal e a cruz, facíase necesario un elemento intermedio, que os unise ou que os separase, resolvéndose co capitel, peza xa coñecida como remate de columnas.

Esa peza colocada entre o fuste e a cruz é a que define o monumento verdadeiramente como cruceiro.

É no capitel onde os nosos canteiros verten toda a súa fantasía, indo desde uns simples riscos no fuste para interpoñer algo diferenciador entre este e a cruz, a eses marabillosos capiteis de estilo corintio que son unha filigrana en pedra. Ademais de follas de acanto, palmas, flores, volutas, etc.. adoitan ter faces de anxos, caveiras e outros elementos decorativos.

CRUZ

Principal elemento de cruceiro, con ou sen imaxe.

Case que sempre a cruz é latina, antropomorfa, sobre todo nos cruceiros que teñen imaxe. A cruz grega, dos catro brazos iguais, sen ser frecuente, atópase en cruceiros sen imaxe; é moi raro atopar unha cruz grega coa imaxe do crucificado como no de Montemogós-Beluso.

Nos remates dos brazos da cruz adoita o canteiro facer alarde da arte presentando unha grande variedade, que van dende o simplemente cuadrangular ata esa dilapidación de fantasía das cruces góticas dos que Santo Domingo en Pontevedra, cemiterio de Noia, Santo Domingo de Bonaval en Santiago, pódennos servir como exemplo.

Se o estudio do camiño que se seguiu para chegar da cruz ó cruceiro presenta dificultades, non ofrece menos coñecer a data do nacemento dos cruceiros. Castelao *en Cruces de pedra na Galiza*, sitúa a aparición dos cruceiros a finais do século XIV, principios do XV.

Aínda que o cruceiro máis antigo de Galicia, que se teña constatación, é o de Melide (s. XIV), vemos referencias máis antigas, como a que da Enciclopedia Gallega cando presenta o achado dun documento no Arquivo da Catedral de Lugo, datado no ano 1215, que cita un cruceiro como referencia topográfica.

Os primeiros cruceiros presentan a imaxe de Xesús co corpo vestido e con certa maxestade (Melide), e ata crucificado sorridente, (Cruceiro da Praza da Leña, Pontevedra).

Hai que ter en conta que a igrexa tardou en aceptar o drama da cruz, adoptouna como dogma desde o seus principios, pero fuxindo da parte humana da crucifixión. Os propios evanxelistas pasan moi por riba de algo tan transcendental, non asumindo que, como Deus, puidera sufrir tanta humillación e aldraxe. Para coñecer o verdadeiro drama que supuxo a flaxelación e posterior crucifixión hai que acudir ós evanxeos apócrifos.

Os cruceiros góticos, prestan escasa atención á imaxe do crucificado, normalmente presentan unha figura pequena de escasa talla, que queda ensombrecida pola magnificencia e riqueza do labor desenvolvido na cruz. É o Renacemento, o que nos amosa o drama cun Xesús morto, coa cabeza caída, e no reverso da cruz a imaxe da Piedade, a Virxe co fillo morto no colo.

ESPALLAMENTO DOS CRUCEIROS.

Aínda que existen referencias a cruceiros en Galicia nos séculos XIII e XIV, o verdadeiro florecemento xorde no século XVII, ó calar na nosa xente a idea relixiosa do Purgatorio, que as ordes mendicantes viñan predicando, coa validez das indulxencias na redención de penas para as almas dos mortos pregando ante eles ou erguendo estes monumentos. Desta intencionalidade dan testemuña as inscricións e a presenza de petos de ánimas ó pé dos cruceiros. Outros aparecen como acción de gracias por algún favor recibido.

Os cruceiros chántanse nos adros das igrexas, campiños das capelas e, sobre todo, nos camiños, onde todo o mundo os pode ver e rezar unha oración ó seu pé. Cando aparecen en montes ou lugares afastados, obedece a un suceso luctuoso ocorrido naquel contorno, onde os familiares ergueron o cruceiro como lembranza pedindo unha oración para o finado.

A antiga idea de cristianizar determinados recintos, leva en pleno século XX a alzar un cruceiro nas barriadas de nova construción, caso Banda do Río en Bueu, Mogor en Marín,...

Outra das causas do espallamento do cruceiro é a ornamental; na actualidade érguense moitos cruceiros en fincas e xardíns como adorno, que, cando menos, amosan unha confesionalidade.

ICONOGRAFÍA DO CRUCEIRO

No pedestal do cruceiro adóitase recoller inscricións, datas, e ás veces a caveira cos osos cruzados. Este signo pode interpretarse como símbolo da morte ou, tal vez, sexa unha alusión a que a cruz de Xesús foi erguida no monte Gólgota, monte da Caveira.

Nalgúns cruceiros, no arrinque do fuste, presentan un retablo de ánimas con peto para recoller a esmola. Outra imaxe frecuente nos cruceiros é o desenvolvemento do pecado orixinal, Adán e Eva espidos coa serpe enrolada ó fuste ofrecéndolle a mazá a Eva, como nos cruceiros de Pazos, en San Xulián de Marín de Arriba, o de Valle Inclán en Pontevedra, de Covelo, concello de A Lama, etc.).

É frecuente atopar no fuste os signos da paixón, vergallo, tenaces, martelo, coroa de espiños, hisopo, cravos, escada, etc., como no cruceiro da igrexa de Bueu. Tamén é no varal onde aparecen os santiños, que varían segundo a devoción da persoa que mandou erguelo cruceiro. Os que máis se repiten son Santiago, peregrino ou sedente, San Antonio, San Francisco, San Roque, etc.

No capitel, a parte da súa riqueza ornamental, non se atopan signos, nalgúns casos a caveira no lado do crucificado e querubíns entre as volutas.

A cruz é, por dereito propio, o elemento principal do cruceiro; ela recolle toda a simboloxía da fe cristiá, nunha das súas caras preséntanos a Xesús crucificado. Agás dos antigos cruceiros que se nos ofrece cunha túnica (Melide), sempre está espido cun pano púdico, e sempre cravado con tres cravos, un en cada man e outro para os dous pés. Dos cruceiros estudados só atopamos un, o de Roubín-Cela, de recente fábrica, que ten catro cravos un en cada extremidade. En canto á posición dos pés, algúns autores, como Castelao, en *Cruces de pedra na Galiza*, afirman que *"...sempre o pé dereito sobre o esquerdo..."*; hoxe en día isto non é exacto, toda vez que hai cruceiros co pé esquerdo sobre o dereito, como no do Pazo de Castrelo en Bueu, Illa de Ons, Vilela en Moaña, Chamousca en Pontevedra,...

Durante as horas que Xesús estivo cravado na Cruz, adoptaría moi diferentes posturas, mirando ó ceo, mirando ó chan, ladeando a cabeza cara os lados, únicos movementos que lle permitía a crucifixión. Todos eles son recollidos polos canteiros e así aparecen reflectidos nos cruceiros. Castelao di: *"...aparece o Cristo morto e coa cabeza deitada sobre o lado dereito. Así se ve na inmensa maioría dos nosos crucifixos, de acordo coa narración evanxélica, e nunca en de xamais se ve coa cabeza deitada cara o lado esquerdo..."*. Certo é que a inmensa maioría dos cruceiros preséntana caída ó lado dereito ou cara diante e algúns ergueita; pero temos coñecemento de dous cruceiros que teñen a cabeza lixeiramente ladeada ó lado esquerdo, cruceiro de Raindo, en Vila de Cruces e o da Laxe en Darbo-Cangas.

A coroa de espiños é outro signo da paixón de Cristo que aparece representada en case que tódolos cruceiros, con máis ou menos talla, pero presente. O mesmo ocorre coa táboa de INRI.

Xesús cravado na cruz, só podía facer xestos coa cabeza ou cos dedos, e os canteiros atoparon a forma de plasmalo. Na maioría aparece coas mans abertas, dedos estirados acolléndonos e perdoándonos, noutros mostrásenos cos dedos índice e medio estirados e os outros recollidos, sen dúbida en xesto de bendicirnos, algúns amosan os dedos semipechados, e ás veces co dedo índice da man dereita estirados e os outros recollidos.

No reverso da cruz dos cruceiros que teñen imaxe, a máis predominante é a da Virxe, nunha grande variedade de acepcións. Tamén aquí inflúe a devoción da persoa que encarga o cruceiro; nas zonas costeiras é frecuente que estea representada a Virxe do Carme, co neno no colo e o escapulario. A virxe da Angustias co seu fillo morto no colo, atópase en moitísimo cruceiros, o mesmo que a Virxe Dolorosa con sete espetos no peito, a Virxe coas mans recollidas sobre o peito pregando. Máis raro é atopar a imaxe da Purísima, cando isto ocorre teñen por costume ter dous anxos coroádoa, (Pazos, en Marín). Como raíña e nai, coroada e co neno no colo, un garrote na man dereita e o diaño sometido ós pés, é outra das representacións que se atopan (Cruceiro do Cano, en Marín).

CRUCEIROS NO CONCELLO DE BUEU

BUEU, é un dos cinco concellos que se reparten a península do Morrazo, bisbarra xenuinamente costeira. Compartindo historia e costumes cos seus veciños Cangas, Moaña e Marín, é o que ten maior densidade de cruceiros, tanto por quilómetro cadrado como por habitantes. Na actualidade cóntanse 39 cruceiros, 7 cruces altas e 9 baixas. Referíndonos só a cruceiros, dá unha densidade de 1,26 por km², e 3,00 por cada mil habitantes. Segundo Raimóndez Portela, a Terra de Montes, ten unha densidade de 0,22 por Km² e 3,57 por 1000 habitantes.

O asentamento dos cruceiros no concello de Bueu responde á tipoloxía de toda Galicia. Adros de igrexas, eirados de capelas, cemiterios, cruces de camiños, lugares afastados onde ocorreu algún suceso ou sacralización de lugares considerados pagáns e, por suposto, como ornamentación.

As tres igrexas parroquiais do concello, San Martiño de Bueu, Santa María de Cela e Santa María de Beluso, teñen cruceiro no adro. En San Martiño na actualidade hai dous, por ser trasladado o que estaba no cemiterio vello.

Santa María de Cela, ademais do cruceiro que ten mesmo diante da porta da igrexa, hai unha cativa cruz no muro que pecha o adro, e a poucos metros da igrexa, no camiño vello que sobe do Igrexario á Pena, atopamos unha grande cruz con pedestal e mesa que os veciños chaman cruceiro.

Santa María de Beluso ten o cruceiro fora do adro, na estrada que sobe á Rúa Nova. Ata el vai a procesión de Corpus.

Dos 39 cruceiros do concello, 17 presentan nunha cara a Xesús e na outra a Virxe, 8 só teñen a Xesús, e 14 non posúen imaxe.

Dos cruceiros que amosan a Virxe, en 2 está sentada con Xesús morto no colo, en 1 está axeonllada, tamén representando á "Piedade" con Xesús nos brazos. A Virxe Dolorosa con sete espetos no peito en 2, en outros 7 a Virxe pregando, en 3 a Virxe do Carme, 1 a Virxe da Peregrina. Cinco cruceiros teñen inscrición e data, 3 só inscrición e 3 unicamente data.

A maioría das cruces son latinas, agás de catro que son gregas: cruceiro de Menla, Río da Portela, Montemogos e a Graña. As formas dos brazos repártense entre octogonais, cuadrangulares con arestas mortas, catro cilíndricas e dúas romboidais. En toro nudento espiñoso temos cinco, e co remate dos brazos florisqueados hai tres: Igrexa de Bueu, Enleito e Quintáns na Portela. Na actualidade ó Cruceiro da Graña cambiáronlle a cruz e ó de Menla derrubamento e desapareceu.

Os capiteis son moi variados, desde os máis simples encetados no mesmo fuste, ata os preciosos capiteis corintios do cruceiro da Banda do Río e capela de San Xosé, con labradas follas de acanto, volutas e querubíns.

Algúns cruceiros amosan motivos florais e caveiras na cara que está o Crucificado. O cruceiro do Enleito ten unha caveira de supedáneo.


Os fustes son a maioría octogonais lisos, 6 son espiñosos-nudentos e 1 cilíndrico. Só 5 teñen santos no fuste: o do cemiterio de Bueu, que ten un pelegrín, o da finca "Os olivos" (Lapamán) e o "Das Tomadas" en Beluso que teñen a figura do Santiago sedente que preside o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, e o do pazo de Castrelo que ten a San Roque e o da illa de Ons, que ten á Virxe do Carme.

Soamente o Cruceiro da igrexa de Bueu ten unha terceira imaxe na árbore da cruz, un anxo recollendo nun cáliz o sangue do Redentor e, co de Roubín, son os únicos que posúen signos da paixón.

Os pedestais son cúbicos, lisos, soamente o do cemiterio de Bueu ten gorxa, algúns teñen as arestas altas mortas. Nove cruceiros non teñen pedestal, están asentados sobre muros ou téñeno soterrado. O cruceiro do adro de Bueu e o do pazo de Santa Cruz teñen na cara principal do pedestal unha caveira e ósos cruzados.

Teñen plataforma de asentamento 18 cruceiros, cunha grada rectangular 7, de dúas gradas 4, de tres gradas 6, e de cinco gradas hexagonais o de Forqueiros. Non teñen plataforma de asentamento 23 cruceiros.

O cruceiro máis antigo con data constatada, é o do Pazo de Santa Cruz, 1.681. Sen haber dous cruceiros exactamente iguais, deste podemos dicir que e xemelgo do vello cruceiro da capela dos Santos Reis, que despois de pasar polo cemiterio, hoxe está chantado no adro da igrexa. Moi ben puidera ser feito da mesma man, pois de datas moi próximas, 1.681-1.686, foron encargados pola mesma persoa, D. Fernando de la Rúa Freire, cura párroco de Bueu. Tal vez da mesma fábrica sexa o cruceiro da Rúa Nova, datado en 1.686, e con trazos e características moi semellantes.



VARIACIÓNS NOS REMATES DAS CRUCES DO CONCELLO




2 cruces



2 cruces




1 cruz



1 cruz



2 cruces



3 cruces



1 cruz



1 cruz




5 cruces



3 cruces




11 cruces




1 cruz




1 cruz



1 cruz




1 cruz




2 cruces




7 cruces




2 cruces



1 cruz



2 cruces



1 cruz



1 cruz



1 cruz



1 cruz

PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE BUEU

VIACRUCIS A SANTA CRUZ



D. Fernando de la Rúa Freire de Andrade, abade de Bueu e comisario do Santo Oficio da Inquisición, converteu o s. XVII en Bueu, nun tempo de piedade, por canto foi fundador de obras pías para axuda das orfas, de capelanías que honraba ó santo patrón ás que estaban dedicadas, pero tamén á súa alma (as capelas de S. Xosé, Santos Reis e Santa Cruz, son a boa mostra), así como doutras mostras do seu pietismo tales como un calvario ou un viacrucis.

Deste último, escasas mostras permanecen, se excluimos os mastros e un par de basas ou pedestais, que delatan o lugar onde se localizaban algunhas das cruces que o integraban. Destes restos podemos sinalar que os pedestais, de forma cúbica, eran bastos, con escasa labra, en tanto que os varais cilíndricos integraban unha decoración que daba forma ó capitel. As cruces non son descritibles por canto non se conserva ningunha susceptible de ser identificada.

Suponse que o inicio do viacrucis tiña lugar na vella igrexa parroquial de S. Martiño de Bueu, para subir á praza do Enleito e continuar camiño da capela de Santa Cruz. Tiña o seu fin no cruceiro que se acha dentro do adro da devandita capela, dunha elaboración máis ornamentada e obxecto de tratamento diferenciado na súa descrición.

CRUCEIRO DE SANTA CRUZ

SITUACIÓN

Atópase este cruceiro no adro da capela de Santa Cruz, no alto da Carrasqueira, rematando o viacrucis que subía polo Enleito. O camiño queda amplamente compensado polo conxunto pétreo con que nos atopamos (pazo, capela, figuras esculpidas,... e o cruceiro) enriquecido pola fermosa vista que se goza dende esta paraxe.

DESCRICIÓN



Sobre unha plataforma cadrada, dunha soa grada, aséntase un pedestal cúbico adornado, nun dos seus lados, cunha grosa caveira con ósos cruzados, aparecendo lateralmente a inscrición: *"Estas dieciseis cruses mando acer a su costa el comisario D Frndo de la Rúa que erabad d sta fra. Año d 1681"*.

Sobre o pedestal érguese un varal cuadrangular de tronco espiñoso-nudento e arestas redondeadas, culminado por un capitel cilíndrico ornamentado con rostros franqueados por volutas e ábaco de caras concas.


A cruz, latina, continúa a forma do varal (cuadrangular con relevos espiñosos-nudentos). Nun dos lados, Cristo presenta a cabeza ergueita e ladeada á dereita, cunha expresión doce. As mans, abertas, acollen e amosan os cravos. O pé dereito tapa o esquerdo. Talla en relevo sobre a cruz, sen ocos entre ela e o corpo do Cristo. Ten INRI no cabezal.

LENDAS

Dedúcese da inscrición do pedestal, xa citada, que un viacrucis fundado por D. Fernando de la Rúa no século XVII remataba neste cruceiro.



CRUCEIRO DA IGREXA DE BUEU (I)



SITUACIÓN

O seu emprazamento inicial foi na antiga capela dos Santos Reis, pasando ó cemiterio vello, ata que en 1986 se coloca no seu emprazamento actual: o adro da igrexa parroquial de San Martiño de Bueu, fronte á fachada principal.

DESCRICIÓN

O pedestal ten unha caveira e ósos cruzados.

Varal, cuadrangular e espiñoso-nudento.

Capitel cilíndrico con volutas e a face dun anxo en cada cara.

Na cruz a imaxe de Xesús, moi proporcionada, preséntase coa cabeza deitada sobre o ombreiro de-reito, cos ollos pechados e unha expresión doce, parece durmido.

LENDAS

En Galicia son poucos os calvarios que podemos atopar. Entre outras, a importancia deste cruceiro é a de ser un dos elementos que formaba parte dun calvario mandado facer pola familia De la Rúa na antiga capela dos Santos Reis. Coa ruína da capela, o calvario desmontouse, o cruceiro principal instalouse no cemiterio parroquial (o vello), e os ladróns continuaron en propiedade privada.

En 1986, no cemiterio vello, ó querer endereitalo, xa que estaba un pouco derreado, esnaquizándose. Recomposto por Agustín Sanmartín Cerviño, aproveitouse para o seu asentamento no adro parroquial.



No cemiterio vello



Ubicación actual

CALVARIO

SITUACIÓN

Emprazada nos xardíns da casa da familia Massó.

DESCRICIÓN

O cruceiro central ten unha plataforma cadrada dunha soa grada. No frontal do pedestal atópase unha caveira con ósos cruzados. A cruz, latina cuadrangular, con INRI, ten pola cara norte a Xesús crucificado coa cabeza ergueita, ladeada á dereita, coroada de espiños. Na cara sur ten a imaxe da Virxe pregando, coas mans cruzadas.

Os cruceiros laterais, cos ladróns, Dimas e Xestas non teñen plataforma. En canto á posición destes nas cruces pódense observar atados con cordas e os pés cun cravo en cada pé. Dimas deita a cabeza sobre o ombreiro dereito e a cara volta mirando a Xesús, mentres que Xestas faino no esquerdo, evitando mirar a Cristo.

Os tres cruceiros teñen os varais cuadrangulares, con arestas redondeadas e espiñosas e os capiteis en tronco de cono con volutas adornados con anxos lazados (o de Xesús e Dimas) ou diáños con orellas grandes, facendo carantoñas e dragóns coa lingua fóra, retorcida (o de Xestas).

LENDAS

Os dous ladróns deste calvario integraban orixinariamente, xunto co cruceiro da igrexa (I) o calvario que mandara facer Fernando de la Rúa para a capela dos Santos Reis na segunda metade do século XVII.

Por causa da ruína desta capela disgregouse a súa ornamentación, motivo polo cal aparece unha múltiple propiedade das pezas que a compuñan: santos pétreos, cariátides, cruceiros, etc.

Os ladróns foron adquiridos por José María Massó, nos anos de 1920, recuperou a súa composición engadíndolle un Cristo central.


Citado por Castelao no libro *"As cruces de pedra Galiza"*.

Actualizacións no Anexo, páx. 49.



Dimas

Xestas



CRUCEIRO DA IGREXA DE BUEU (II)



SITUACIÓN

Atópase no lado sur do adro da igrexa parroquial de San Martiño de Bueu.

DESCRICIÓN

Sobre unha plataforma de dúas gradas, hai un pedestal liso, sen relevos nin chafráns. Ten mesa ou pousadoiro.

O mastro octogonal presenta en relevo os signos da Paixón: martelo, tenaces, escada, cravos, látego e coroa de espiños.

Capitel, con riscos facendo follas de fento, remata nunha plataforma que ten tres faces de anxo e, no frontal, unha caveira cun óso.

A cruz, latina octogonal, remata nos seus brazos cuns motivos florais con picos. Na cara leste da cruz ten a imaxe de Xesús, espido e con pano púdico, e o corpo inclinado cara adiante. Ten os cravos moi marcados, mans medio pechadas e o pé dereito sobre o esquerdo. Parece que estivo policromado, xa que ten restos de cor vermello nos xeonllos.

No lado dereito do cristo ten un anxo que cun cáliz recolle o sangue que cae da ferida de Xesús.

Na cara oeste hai unha Virxe Dolorosa cos sete espetos no peito.

LENDAS

No arrinque do fuste ten unhas inscricións nas que se le o ano de 1850. Tamén se atopan outras inscricións, ilexibles, no canto frontal da mesa.



CRUCEIRO DE MOROUSOS

SITUACIÓN

Situado actualmente no pequeno xardín do parque empresarial de Castiñeiras-Bueu. Este cruceiro foi trasladado do seu emprazamento orixinario, a causa das obras de urbanización do lugar. Tradicionalmente o cruceiro asentábase na encrucillada de camiños que ían de Bueu a Aldán e Cangas.

DESCRICIÓN

Sobre unha plataforma cuadrangular de tres gradas, o pedestal cúbico soporta un varal cuadrangular, espiñoso e con arestas mortas. O capitel, combina as volutas dos vértices con figuras de anxos no centro de cada lado.

A cruz latina é cuadrangular, ten por unha cara a imaxe de Cristo, cun pano púdico e a cabeza erguida e inclinada sobre o ombreiro dereito, as mans pechadas e o pé dereito cubrindo o esquerdo. A coroa de espiños pouco resaltada. Na outra cara da cruz, unha virxe pousada nunha peaña, coa face dun anxos, adopta unha actitude de rezo, cruzando as mans sobre o seu peito. Un cingulo ata as súas roupas.

LENDAS

Este cruceiro, segundo o testemuño da súa inscrición, foi mandado facer como obra piadosa testamental polo capitán José Juan de la Rúa Aldao, que finou o 14 de setembro de 1700.



Ubicación actual

CRUCEIRO DO CEMITERIO DE CASTIÑEIRAS



SITUACIÓN

Situado no corredor central do cemiterio municipal de Bueu e á cabeceira da tumba do que fora cura de Bueu D. Anxo Rama Lestón.

DESCRICIÓN

De plataforma cadrada dunha soa grada e pedestal cúbico, con gorxa fonda no medio para seguir en xeito piramidal truncado.

O varal, cun tramo central de arestas biseladas ten, na súa cara frontal, un peregrino sostido por unha peaña con forma de cuncha de vieira.

Capitel, cadrado, con volutas e anxos en cada cara.

A cruz, latina cadrada sen enfeites, ten dúas imaxes, polo leste a Xesús con coroa de espiños, mans pechadas, cabeza caída para diante e pé dereito sobre o esquerdo; polo oeste, unha imaxe da Piedade onde o fillo, que ten no colo é desproporcionadamente pequeno; Xesús ten a cabeza caída cara atrás e o brazo dereito pendúralle inerte.

CRUCEIRO DA GRAÑA

SITUACIÓN

Localízase este cruceiro na pequena praza que hai na Graña na encrucillada cos camiños que se desvían á Cividade e á Cacula.

DESCRICIÓN

Sobre un pedestal cúbico, o varal iníciase cadrado para, xa con certa altura, moldear os seus vértices, converténdoo en octogonal, seguido dun capitel, cadrado, cunha faixa central rebaixada.

A cruz agora é latina con arestas biseladas, xa que antes tiña unha grega cun corte romboidal, con remates en picos. Non ten imaxes nin datas.

LENDAS

Este cruceiro foi trasladado do seu emprazamento primixenio, no medio do camiño. As testemuñas notariais do s. XVII sinalan a este cruceiro e á praza que o rodea, como lugar de asemblea parroquial, onde os cabezas de familia se reunían para debater os problemas civís que lles afectaban en canto á parroquia.



Antes



Agora

CRUCEIRO DO ENLEITO

SITUACIÓN

Atópase preto da igrexa parroquial de Bueu, na praza do Enleito desde onde parte un camiño cara o pazo de Sta Cruz. Ten ó seu carón unha fonte coa que fai conxunto.

DESCRICIÓN

A plataforma é cadrada con tres gradas, aínda que a primeira está cuberta. Con pedestal cúbico e sen chafráns e varal octogonal liso. O capitel é cilíndrico, con caras concas e figuras de anxos no centro de cada lado.

A cruz latina con arestas mortas, rematando o cabezal e os brazos con picos florais e redondel esférico. Na cara que mira ó leste ten unha imaxe de Xesús coas mans pechadas e a cabeza lixeiramente inclinada. O pé dereito está cravado sobre o esquerdo, apoiados ámbolos dous sobre unha caveira.

LENDA

No seu pedestal ten unha data gravada, 1751. É moi posible que substituíra a unha das cruces do antigo Viacrucis (páx. 13) que subía ata o Pazo de St. Cruz. O pedestal da antiga cruz aínda se pode ver a escasos metros do cruceiro.



CRUCEIRO DE TRASOUTO

SITUACIÓN

No muro dunha finca do lugar de Trasouto, preto da estrada a Cangas.

DESCRICIÓN

Con pedestal cúbico e varal octogonal liso rematado. Carece de capitel.

A cruz latina cadrada con cantos biselados. No centro da cruz presenta unha superficie cadrada.



CRUCEIRO DE RAMÓN BARES



Antes en
Ramón Bares



Agora en
Ramal dos Galos

SITUACIÓN

Áchase actualmente, este cruceiro, no parque do Ramal dos Galos, onde foi trasladado dende o seu emprazamento orixinario na rúa Ramón Bares (nas proximidades do cruce coa rúa da Pedra)

DESCRICIÓN

Dunha basamenta circular de dúas gradas arranca un varal cúbico, coas arestas biseladas na súa maior parte, dándolle unha forma case octogonal.

O capitel ten forma cilíndrica presentando, en relevo, a figura dun diaño.

A cruz latina ten un esculpido similar ó varal (sobre unha forma cúbica bisélanse as arestas). Os brazos rematan en picos cunha semiesfera central.

LENDAS

Mandado facer polo xastre Juan García Carballo (+1921) que tivo xastrería nas Meáns. Nun principio este cruceiro tiña pou-sadoiro, utilizado como lugar de parada e oracións (resposos) nos enterros.

CRUCEIRO DA BANDA DO RÍO



SITUACIÓN

Atópase na barriada de pescadores da Banda do Río.

DESCRICIÓN

Sobre un pedestal cúbico, o varal combina o plano cadrado da parte máis baixa co octogonal, seguido dun capitel, estilo corintio, de forma cónica e follas de acanto e volutas nas esquinas.

A cruz latina, cúbica, ten a maior parte das arestas biseladas. Nunha das súas caras, un Cristo con pano púdico, mans con dedos pechados e pé dereito sobre o esquerdo ten, a cabeza, con coroa de espiños, ladeada á dereita.

No reverso, asentada sobre unha peaña, a imaxe do Carme, identificada co escapulario, colle no colo ó Neno.

LENDAS

Este é un exemplo dos cruceiros que se erguían como remate, ornato ou cristianización de poboados ou barriadas de nova fundación.

CRUCEIRO DA CAPELA DE SAN XOSÉ

SITUACIÓN

Está no eirado da capela, á advocación de San Xosé, na rúa de Pazos Fontenla (na "Escola Náutica").

DESCRICIÓN

Na actualidade a plataforma está soterrada, pois ó facer a costa de acceso á capela fíxose un recheo de terras que tapou as gradas.

O seu pedestal é cúbico e liso do que arrinca un varal cadrado, que ós 45 cm segue con forma octogonal liso.

O capitel, de estilo corintio, é cilíndrico, en tronco de cono invertido, con follas de acanto e motivos florais nas catro caras.



A cruz latina cilíndrica lisa. Na cara norte, mirando á capela, a imaxe de Xesús crucificado coa cabeza erguida ladeada sobre o ombreiro dereito. Coroa de espiños. Mans cos dedos medio pechados. A talla do corpo de Xesús non é moi proporcionada, sen embargo a cabeza está moi ben feita, cunha expresión de viveza e ollos abertos. Na cara que mira o sur presenta, apoiada nunha peaña, a imaxe da Virxe do Carme con coroa de raíña e escapularios. Ten o neno no colo, que suxeita escapularios.

LENDA

Este cruceiro, feito no 1957¹ polo canteiro Lino Monteagudo Fontán de Xeve, está asentado en terreos cedidos polo concello de Bueu, ó Instituto Social da Mariña, para que se construíse a Capela e as instalacións da Escola de Pesca.

Froito das agresións sufridas por este cruceiro son o esnaquizamento da cabeza do neno e o, posterior, roubo da imaxe do Cristo.

1. O custe total foi de 6.274'27 pta



CRUCEIRO DO PAZO DO CASAL



SITUACIÓN

Desde o ano 1982 está asentado na finca do Pazo do Casal, na estrada Bueu-Cangas.

DESCRICIÓN

Plataforma cuadrangular con dúas gradas. O pedestal, tamén é cuadrangular e de pouca altura e con rebaixe, seméllase a unha grada.

O capitel é un tronco de cono invertido, con enfeites de follas de acanto, volutas e relevos florais, moi traballado.

A cruz latina cilíndrica e espiñosa. Na cara sur está Xesús crucificado nu e con pano púdico. Ten tres cravos, coroa de espiñas e INRI. O Cristo está debrozado e pendurado polos brazos, coa cabeza lixeiramente ladeada á dereita. Na cara norte a imaxe da virxe pregando coas mans xuntas.

CRUCEIRO DO PAZO DE CASTRELO



SITUACIÓN

No Pazo de Castrelo ou Casa de la Cueva. Na estrada que desde o Balado sobe ata o cemiterio de Castiñeiras. Construído en 1993 por Granitos Santana.

DESCRICIÓN

Este cruceiro ten de basamenta unha fonte octogonal.

O pedestal que emerxe do medio da fonte é cúbico con arestas altas biseladas. O fuste empeza cuadrangular para rematar de xeito octogonal. Ten un San Roque, amosando as chagas dos xeonllos, acompañado dun cadelo que o asiste cun pan na boca.

O capitel arrinca cun toro octogonal e segue cilíndrico, facendo catro follas de acanto, sobre as que aparecen catro volutas, un ábaco que se aconca entre as volutas. Na cara norte ten unha flor e na cara sur un querubín.

A cruz latina, con remates rectangulares. Ten INRI no cabal. Na cara sur está Xesús (Sinalar que non ten coroa de espiños e que o pé esquerdo está sobre o dereito). No reverso da cruz unha estilizada Virxe da Soidade coas mans sobre o peito pregando.



CRUCEIRO DE XEXIDE

SITUACIÓN

No lugar de Xexide, á beira do camiño real que vai a Meiro.

DESCRICIÓN


Carecendo de plataforma, ten pedestal cilíndrico que está soterrado.

O varal é cilíndrico que remata nun cubo que lle fai de capitel.

A cruz, sen imaxe, arrinca cadrada e segue octogonal.

LENDAS

No 1998, ó facer a estrada a Xeside, foi desprazado do sitio e chantado ó outro lado do camiño (e tamén se endereitou a Cruz). Antigamente o Cristo de Xexide era o punto de reunión dos veciños.



Antes

Agora

CRUCEIRO DE PORTAS

SITUACIÓN

Á beira da estrada que desde o Outeiro vai cara á Barraca. Atópase chantado nunha veiga, no lugar coñecido por Río de Portas.

DESCRICIÓN

O pedestal está soterrado. O varal é cuadrangular con arestas bise-ladas.

Capitel cadrado en tronco de pirámide invertida.

Con cruz latina, cadrada e simple, sen imaxe.

LENDAS

Ó longo dos brazos da cruz ten a inscrición: "JOZE PAZ" e no pé da cruz "C J C S".



CRUCEIRO DE COBERTOREIRO

SITUACIÓN

Na aldea da Cacela, chantado nun monte á beira do Camiño Real

DESCRICIÓN

O pedestal está soterrado. Cun varal rectangular con arestas mortas.

De capitel, unha plataforma cadrada da que nace un engrosamento semiesférico que remata nunha cruz latina cuadrangular

LENDAS

Este cruceiro do COBERTOREIRO chámase así, porque onde hoxe está asentado apareceu morto un barateiro que andaba vendendo mantas. Os veciños, promovidos pola Confraría das Ánimas, ergueron este cruceiro.



CRUCEIRO DA CACELA



SITUACIÓN

Na aldea da Cacela, na encrucillada de camiños que soben a Ermelo e a Meiro.

DESCRICIÓN

Está sobre un muro, polo que unha pedra deste fai-lle de pedestal.

O varal é cuadrangular redondeado remata no seu extremo en forma cúbica, que lle fai de capitel.

A cruz, cuadrangular, lisa e sen imaxe.

CRUCEIRO DO RÍO DA PORTELA



SITUACIÓN

Preto do cruce da estrada xeral Bueu-Cangas, coa que sobe a Ermelo, nun cruce de camiños que vai á aldea da Portela

DESCRICIÓN

Como plataforma ten un muro e como pedestal un groso perpiaño.

Varal rectangular e liso, coas arestas biseladas

O capitel ten forma de prisma cuadrangular con rebaixes concos nas esquinas. Na cara oeste do capitel presenta un recadro como se estivese destinado a unha inscrición que actualmente non se aprecia.

A cruz, grega octogonal, con remate de brazos e cabezal cadrados. Non ten imaxes.

LENDAS

Contan que foi erguido pola familia dun home que apareceu morto debaixo da ponte, a 10 metros de onde está o cruceiro.

CRUCEIRO DAS QUINTÁNS – A PORTELA

SITUACIÓN

Á beira do antigo Camiño Real a Coiro, eixo da aldea da Portela.

DESCRICIÓN


Un muro faille de plataforma e non ten pedestal.

Con varal, octogonal, moi redondeado polo desgaste do tempo.

O capitel arrinca como tronco de cono, rematando cun ábaco cadrado.

A cruz, latina romboidal, con remates florais en brazos e cabezal. Non ten imaxe.

Nota: No ano 2000 tirouse e esnaquizouse para facer un muro novo para a entrada dunha vivenda.



CRUCEIRO DO NORTE

SITUACIÓN

No lugar do Norte, á beira da estrada que sobe ó Outeiro, na encrucillada que dita estrada fai co camiño que vai da Cidade ás Meáns.

DESCRICIÓN

Ó formiga-lo camiño soterrouse o pedestal. Fuste octogonal, rematando nun capitel cadrado no mesmo varal.

Cruz latina rectangular e lisa.



CRUZ DO MONTIÑO

SITUACIÓN

No alto da Lagarteira, na paraxe do Montinho de Meiro.

DESCRICIÓN

Cruz latina, cuadrangular con arestas mortas. Remate cadrados.

LENDAS

No pedestal ten unha inscrición que pon: " AÑO DE 1795. Bº PASOS JUNCAL".



CRUZ DA CASA NOVA



Polo camiño



Por dentro da finca

SITUACIÓN

No cruce do camiño principal que atravesa Meiro de norte a sur co camiño que sobe á Lagarteira.

DESCRICIÓN

Ten pedestal cúbico e cruz cuadrangular con arestas mortas.

Na actualidade, ó estar chantada nun muro, tal como o amosa a fotografía, desde o camiño só se mira a parte superior da cruz e na cara do pedestal que da ó camiño pode lerse a inscrición: *"ANO DE 1827. manuel P."*

LENDA

O anterior dono era Manuel Portela.

CRUZ DA GRAÑA



SITUACIÓN

Atópase na encrucillada que fai o camiño que dende a Graña vai ata a ponte de Trasouto, na desviación que sobe a Meiro.

DESCRICIÓN

Carece de plataforma, está chantado nun penedo natural que fai de pedestal.

A cruz é octogonal e lisa, no remate do pé está posto o corpo formado polos brazos da cruz e o cabezal. A cruz pertence ás que a Confraría Parroquial de Ánimas ía chantando polas encrucilladas que eran paso obrigado no recorrido dos cadaleitos cara o cemiterio.

CRUZ DE CARABELOS



SITUACIÓN

No camiño xeral da Graña á Cidade, na encrucillada co camiño que vai ás paraxes de Reis e Bacuriña.

DESCRICIÓN

Ten unha inscrición no seu pedestal que di:

AÑO DE 1695

AMBROSIO CARAVELOS

A data presenta dúbidas de lectura, pois estaba pouco marcada e ó pintala deformaron a interpretación dos signos. Na actualidade ten pintada 1.295


CRUZ DO PIÑÓN

SITUACIÓN

Na paraxe de Piñón, no camiño da Graña á Cividade.

DESCRICIÓN

Cruz con pedestal e un peto na súa base. Ten as arestas biseladas.



CRUZ DA CANCELIÑA

SITUACIÓN

Na Canceliña sobre un muro no camiño que sobe a Meáns de Arriba e ó carreiro que se desvía cara Meáns de Abaixo.

DESCRICIÓN

Cruz latina de corte romboidal cos remates cadrados con risco, nas puntas, facendo unha flor. Hoxe en día ten un brazo da cruz roto.



CRUZ DAS MEÁNS

SITUACIÓN

No alto das Meáns, no cruce de camiños que vai ó Torrón.

DESCRICIÓN

Cruz latina, cuadrangular con arestas mortas. Remate cuadrangular con corte en catro pezas.



CRUZ DA CIVIDADE


SITUACIÓN

Na aldea da Cividade, na encrucillada que fai o camiño principal co que sobe a Xexide.

DESCRICIÓN

Con pedestal prismático pousado nun muro.

A cruz, sen imaxe, coas arestas biseladas.



CRUZ DO OUTEIRO

SITUACIÓN

No alto do Outeiro, no desvío da estrada cara ó Beloso. Coas obras da estrada do Outeiro, e mais tarde coas do Beloso e Chans, andou dun lado para outro.

Con pedestal cúbico. A cruz latina octogonal nunha soa peza.




Antes



Agora

PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BELUSO

CRUCEIRO DA RUANOVA



SITUACIÓN

Á beira da estrada Beluso- A Portela, no lugar da Ruanova.

DESCRICIÓN

A plataforma é de tres gradas cadradas.

Con pedestal cúbico e liso.

Varal cuadrangular e espiñoso. Non ten enfeites.

O capitel, iníciase como tronco de cono invertido e remata de xeito cuadrangular con caras cóncavas con volutas e anxos en tres caras. Na cara posterior, que non ten imaxe, a cruz ten no capitel unha caveira con ósos cruzados.

A cruz é cuadrangular e espiñosa. Na cara leste ten a imaxe de Xesús crucificado, nu con pano, Cabeza, con coroa de espiños, ergueita mirando ó fronte; mans con dedos semipechados; pé dereito sobre o esquerdo. INRI no cabezal. Tres cravos moi marcados. É unha talla sinxela ben proporcionada, facendo corpo coa cruz, só ten ocos na dobrez dos xeonllos.

LENDAS

Ten inscrición no pedestal, nas caras leste e norte, onde indica que este cruceiro mandouno facer, pola súa devoción, no ano de 1689 o abade-rector da freguesía de Beluso D. Benito de Mondragón.



CRUCEIRO DA ROSA

SITUACIÓN

Preto da igrexa parroquial de Beluso, no lugar da Rosa.

DESCRICIÓN

Sobre unha plataforma cadrada, de dúas gradas, aséntase un pedestal cuadrangular cun alto rebaixe. Ten mesa.

O varal e cilíndrico, liso e sen enfeites.

Capitel, cuadrangular, en dous corpos.

A cruz, octogonal, rematando os brazos cadrados con riscos, facendo unha flor e un rebaixe, para ir agrandándose cara o capitel con remate de ábaco cadrado. Na cara leste un Cristo crucificado, nu con pano; cabeza ergueita e ladeada á dereita; dedos das mans pechados. O pé dereito sobre o esquerdo. Figura do Cristo desproporcionada xa que ten as pernas moi pequenas. Ten INRI no cabezal. Ten pegada da ferida no costado dereito. Na cara leste, a imaxe da Piedade, sentada nun poio cadrado, con Xesús no colo, sostenlle a cabeza cunha man e coa outra suxeitalle unha man.

LENDAS

Na cara sur do pedestal hai a inscrición de 1791.

Ata este cruceiro chegan e dan volta as procesións que saen da igrexa. Por Corpus fanse alfombras florais ata este cruceiro e arránxase un altar na mesa que ten na cara oeste.



CRUCEIRO DE SANAMEDIO



SITUACIÓN

Situado no adro da capela de Sanamedio.

DESCRICIÓN

A plataforma é cadrada de tres gradas. O pedestal cúbico, con ampla gorxa.

O varal é cilíndrico liso do que arrinca a cruz xa que carece de capitel.

A cruz, cuadrangular, lisa e sen imaxes.

LENDAS

Na cara oeste do pedestal presenta a inscrición de 1791.

Este cruceiro, aínda que moi sinxelo, forma coa fonte de frontispicio gótico, e coa capela con adro murado, un fermoso conxunto.

CRUZ DE SANAMEDIO



SITUACIÓN

No camiño, que desde a estrada xeral de Aldán, sobe ata Forqueiros pasando pola Morea. A uns 100 m da estrada xeral, subindo, á dereita hai unha entrada que vai a unha eira, hoxe comunal; alí está recostada contra a parede dun alpendre.

DESCRICIÓN

É todo dunha soa peza. Non ten imaxe. A cruz, latina, ten as súas arestas biseladas excepto no que sería o pé da cruz que se ensancha a modo de deseño de capitel para continuar cun pequeno varal.

LENDAS

Ten unha inscrición ilexible.

Conta a lenda que nesta eira foi onde apareceu a imaxe do Sanamedio.



CRUCEIRO DE MONTEMOGOS

SITUACIÓN

Nunha finca particular, metido nun muro, á beira do camiño de Montemogos.

DESCRICIÓN

A plataforma non se aprecia. Con pedestal metido no muro e formando parte deste. O varal cilíndrico e rematado en cúbico. O capitel cuadrangular pouco groso.

A cruz grega octogonal, moi redondeada, cos remate dos brazos e cabeza cadradas cos riscos que fenden os lados ó medio, iniciando unha flor. Na cara sur un Xesús nu e con pano púdico. Mans abertas case que sen marca-los dedos. Os pés, igualmente, sen talla. Na cara norte a Virxe Dolorosa con sete espetos cravados.



CRUCEIRO DE AREA DE BON

SITUACIÓN

Está situado nunha casa de verán, na estrada que accede á punta leste da praia de Area de Bon.

DESCRICIÓN

Carece de plataforma e o pedestal é un penedo natural.

Varal octogonal con arrinque e remate cúbico.

O capitel é cúbico tendo en cada cara unha táboa con catro follas e un rosetón no medio.

A cruz cuadrangular, lisa e sen imaxes.



CRUCEIRO DE CORNIDE

SITUACIÓN

Chantado nunha finca particular na paraxe de Cornide, entre as praias de Tuia e Mourisca.

DESCRICIÓN

A plataforma-pedestal está formada por unha grande "cachola" ou pedra erosionada.

Varal cuadrangular, coas arestas biselados a todo o longo excepto polos extremos.

O capitel iníciase como cono invertido con relevos florais e remata en forma cuadrangular.

A cruz latina cuadrangular. Por un lado, a imaxe de Xesús e, polo outro, a imaxe da Virxe pregando que ten como base unha nube.



CRUCEIRO DE LAGOS



SITUACIÓN

Na finca que baixando á praia de Lagos ten a familia Massó.

DESCRICIÓN

Varal, cilíndrico espiñoso-nodoso, cos nós moi traballados.

Capitel, tamén moi elaborado, cilíndrico con bonito toro acordado, do que arrinca unha coroa floral. Volutas e un ábaco cuadrangular, con esquinas mortas e moi arqueadas, ós lados.

A cruz, latina e lisa. Por unha banda Xesús coa cabeza ergueita e os ollos pechados; coas mans case que pechadas e o pé dereito sobre o esquerdo. Polo outro lado, a Virxe, apoiada sobre a cabeza dun anxo, coas mans sobre o peito e os ollos pechados.

As imaxes son talladas coa cruz sen a penas ter ocos que as separen.

LENDA

Ten inscricións:

No pedestal "*SE HIZO ESTE CRISTO A DEVOCION DE D. JOSE MASSO SIENDO EL MONTEAGUDO*".

No chafrán do pedestal: "*AÑO DE 1.939*".

CRUCEIRO DE FORQUEIROS

SITUACIÓN

Na finca de Forqueiros que a familia Massó ten pouco máis arriba de Sanamedio, na estrada de Beluso á Portela.

DESCRICIÓN

A plataforma, hexagonal e de cinco gradas.

O pedestal comeza cadrado para rematar nun prisma hexagonal.

Varal hexagonal liso.

O capitel presenta un plinto hexagonal seguido dun corte equino no que desenrola catro faces de anxos con follas de acanto. Despois dun curto tramo cúbico sobre o que se asenta un tronco de pirámide invertido, remata nun ábaco cadrado.

A cruz, latina cuadrangular con rebaixes nas arestas e os remates en uve. Na cara sur un Xesús crucificado, con coroa de espiños, nu con pano e coas mans pechadas; co pé dereito sobre o esquerdo, coas pernas moi abertas, cos xeonllos moi separados. Ten INRI no cabezal. Tres cravos. Na cara norte, a Virxe da Piedade co fillo morto nos seus brazos. A virxe está axeonllada e polo lado esquerdo asómalle o zapato.



CRUCEIRO 'DAS TOMADAS'

SITUACIÓN

Na paraxe 'Das Tomadas', entre Lagos e Anco-radouro, na finca propiedade da familia García-Eyo.

DESCRICIÓN

A plataforma, cuadrangular de tres gradas.

Pedestal é cúbico con arestas altas mortas.


O varal arrinca cuadrangular para modificarse en octogonal ata o seu remate.

Capitel, corintio, con follas de acanto e catro volutas cun querubín a cada lado. Ábaco con lados pronunciadamente cóncavos

A cruz latina cuadrangular con arestas biseladas. Cartel de INRI no cabezal cun cravo moi resaltado. Por un lado, a imaxe de Xesús coroada de espiños, coas mans semipechadas, cravos moi marcados, cabeza ergueita e un pouco caída sobre o ombreiro dereito; o pé dereito lixeiramente arrimado ó esquerdo, cun só cravo. A imaxe, ben proporcionada, está separada da cruz. No reverso, unha reprodución da Virxe da Peregrina existente na capela do mesmo nome en Pontevedra. No varal, no lado onde está Cristo, ten a imaxe sedente do Apóstolo Santiago semellante ó que preside o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.

LENDA

Construída polo canteiro de Poio, Eladio Malvar Covelo.



CRUCEIRO DE OURIL

SITUACIÓN

No patio do pazo de Ouril.

DESCRICIÓN

A plataforma, octogonal de dúas gradas.

O pedestal é cúbico e liso con arestas biseladas na parte alta.

O varal arrinca cadrado ata unha altura de 65 cm. e de aí para arriba bisela as arestas, volvendoo a rematar cuadrangular antes do sinxelo capitel cadrado, con ábaco agrandado e da mesma forma cadrada.

A cruz latina cuadrangular con INRI no cabezal. Na cara sur a figura de Xesús de escasa talla, sen ocos entre o corpo e a cruz; mans cos dedos pechados, e a penas se nota unha intención de cravo. Pés moi bastos, sen talla, dereito sobre o esquerdo, sen cravo. Non ten coroa de espiños. A cara de Cristo, redondeada e sen expresión. Na cara norte a Virxe pregando coas mans xuntas a altura do peito.



CRUZ DE OURIL

SITUACIÓN

Nun muro preto do patio do pazo de Ouril.

DESCRICIÓN

O pedestal está formado por un penedo case que piramidal.

A cruz latina lisa de sección romboidal.



PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CELA

CRUCEIRO DA IGREXA DE CELA (I)



SITUACIÓN

No eirado da igrexa fronte á porta ergueuse este cruceiro no mes de decembro, de 1987.

DESCRICIÓN

Non ten plataforma, xa que está sentado sobre das lousas do adro.

Pedestal cúbico, con arestas mortas.

O varal, con arrinque cadrado, é octogonal.³

Capitel cilíndrico con follas de acanto; do medio destas follas arrincan catro volutas e sobre elas un ábaco de caras curvas concas que teñen, no medio unha flor.

A cruz latina cilíndrica con tronco nodoso, ten INRI; cara á igrexa ten a Xesús crucificado, nu con pano púdico, coroa de espiños, barba e bigote; tres cravos, mans semipechadas, pé dereito sobre do esquerdo, corpo pendurado dos brazos, cabeza ergueita e boca lixeiramente aberta.

CRUCEIRO DA IGREXA DE CELA (II)

SITUACIÓN

Está chantado no muro que pecha o adro, ó lado da cancela de entrada sur.

DESCRICIÓN


É un cruceiro pequeno, case que unha cruz.

O muro sírvelle de plataforma; ten mesa de pedra.

O pedestal é cuadrangular, do que sae un varal octogonal, hoxe en día moi redondeado, case que cilíndrico.

Con capitel cuadrangular inxerido no mesmo varal.

A cruz, cuadrangular, lisa e sen imaxes.



CRUZ DO IGREXARIO

SITUACIÓN

Preto da igrexa, no camiño que sobe ó lugar da Pena.

DESCRICIÓN


A plataforma, dunha grada, é cuadrangular e irregular pois amóldase á inclinación do camiño.

Con pedestal cúbico que se atopa apoiado a un lado da plataforma. Carece de capitel.

A cruz, da que un dos lados fai de varal, latina cadrada nos extremos e octogonal polo centro ó estar os seu cantos biselados. No centro da cruz presenta un círculo no que hai gravada unha cruz pequena.



CRUCEIRO DE ROUBIN



SITUACIÓN

Na finca particular, "Roubín", na estrada xeral de Bueu-Pontevedra, antes do desvío á praia de Lapamán.

DESCRICIÓN

Sen plataforma e con pedestal cúbico.

O varal e a cruz, cuadrangulares, con arestas mortas, sobre das que ten unhas pirámides cuadrangulares, dándolle un xeito espiñoso.

Capitel cuadrangular, cargado de simbolismo pois na banda superior hai anxos, frades,... e na inferior ten alusións á porta do ceo, á creación,...

O Cristo está cravado con catro cravos, un en cada man e outro en cada pé. No varal presenta como signos da paixón unha escada.

LENDAS

No pedestal ten a inscrición "*ROUBIN*".

CRUCEIRO DE LAPAMÁN



SITUACIÓN

Na finca particular, "Os Olivos", entre a praia de Lapamán e de Muíño Vello.

DESCRICIÓN

Varal octogonal con arrinque cuadrangular; ten a imaxe do Santiago que preside ó Pórtico da Gloria.

Con capitel, de estilo corintio, moi traballado, con follas de acanto e motivos florais nas catro esquinas.

A cruz cilíndrica de toro leñoso nudento. Na cara leste presenta a Xesús coa cabeza caída e ladeada á dereita. Pendurado dos brazos nunha talla moi separada da cruz, xeonllos moi dobrados; mans pechadas non se lle ven os cravos, soamente nos pés. Na outra cara ten a virxe do Carme.

CRUCEIRO DE PORTOMAIOR

SITUACIÓN

Está chantado no xardín dunha finca particular, na praia de Portomaior

DESCRICIÓN

Nun principio sen plataforma e sen pedestal, agora ten unha ampla basa dunha grada e un pedestal formado por pedras irregulares.

O capitel, cilíndrico e con volutas nas esquinas; na parte do fronte ten unha imaxe da Virxe pregando.

A cruz, cuadrangular. Con INRI. A cabeza do Cristo inclinada á dereita; mans abertas e o pé dereito sobre o esquerdo.

LENDA

O varal e a cruz son de distinto tipo de pedra. A cruz foi traída dun portal do concello de Cotobade e tivo que ser restaurada. É cruceiro desde 1973.



CRUCEIRO DO BURGO

SITUACIÓN

Emprazado nunha finca particular no lugar do Burgo.

DESCRICIÓN

Carece de plataforma e de pedestal; está erguido sobre un muro que contén un desnivel da propia finca.

O varal é unha columna octogonal que se atopou soteirrada na mesma finca, polo que é de distinta pedra que a cruz.

Como capitel, un cubo que forma parte da cruz, cuns baixorrelevos con forma de espiño.

A cruz, latina cuadrangular, con arestas mortas. Na cara oeste presenta a Xesús coas mans abertas, dedos completamente estirados e sen cravos. Na cara leste unha Virxe pregando, sobre un pedestal circular.

LENDA

A finca no que está pertencía á familia García Parada, actualmente pertence ó afamado pintor José Barreiro. Obra do escultor Manuel Comesaña.



CRUZ DO CARBALLAL



SITUACIÓN

No lugar do Carballal, no camiño que sobe ó Torrón.

DESCRICIÓN

Con plataforma de formigón, feita no último traslado. Ten pedestal cúbico. Cruz octogonal cos remates cadrados, formada en dous corpos e cabezal.

LENDA

Anteriormente estivo nunha encrucillada un pouco máis abaixo da situación actual. Posúe mesa.

CRUZ DA ESCULCA

SITUACIÓN

No lugar de Ermelo, no monte da Esculca

DESCRICIÓN

Ten como plataforma un penedo natural. O pedestal é cilíndrico.

A cruz, de grandes dimensións, é a de Santiago (representación da espada do Apóstolo). No medio da cruz ten unha cuncha de vieira.

LENDA

Mandada facer no ano 1950 ó canteiro Cesáreo Sanmartín por José María Massó García. Foi bendicida polo cardeal Fernando Quiroga Palacios.

No medio da pedra que lle serve de basa ten un altar.

Está nun miradoiro natural, desde o que se divisa a ría de Vigo, Pontevedra, Arousa, Aldán e as illas de Ons, Cies e Sálvora.



CRUZ DE ERMELO

SITUACIÓN

No lugar de Ermelo, sobre un muro, na primeira encrucillada que sobe desde a igrexa á Esculca.

DESCRICIÓN

Cruz gótica con remate florisqueado dos brazos.



CRUCEIRO DE ONS

SITUACIÓN


Illa de Ons, pegado á parede sur da igrexa nova.

DESCRICIÓN

Sobre unha basamenta rectangular de tres gradas e sobre un pedestal cúbico con arestas altas mortas, érguese este cruceiro de varal rectangular con arestas biseladas, ó que lle segue un curioso capitel, que arrinca cilíndrico, continúa en tronco de pirámide cuadrangular, redondeando as arestas e remata nun ábaco cadrado. En cada cara do capitel presenta tres apóstolos.


No varal ten a imaxe da virxe do Carme.

A cruz cuadrangular nos remates, bisela as arestas. Na cara sur ten a figura de Cristo, de escasa talla moi integrada na cruz. Mans cos dedos pechados, cabeza ergueita, face moi redondeada. Pé esquerdo sobre o dereito. Aínda que de pouca antigüidade está moi erosionado polos embates do vento. No reverso da cruz a Virxe pregando.



CRUCEIROS DESAPARECIDOS NOS ÚLTIMOS TEMPOS

CRUCEIRO DO RAMAL DOS GALOS - CANIBELOS



SITUACIÓN

No cruce do camiño de Canibelos e a rúa Eduardo Vincenti.

DESCRICIÓN

Sen plataforma, pois estaba enriba dun muro. Con pedestal amplo e cadrado coas aristas superiores biseladas. Con varal octogonal. Un capitel de tronco de cono invertido e rematando nun ábaco rectangular. Con cruz romboidal e remate florisqueado.

Cruz latina, sen imaxe, con corte romboidal e remates florisqueados.

CRUCEIRO DAS MEANS

SITUACIÓN

No camiño que de Loureiro sobe ás Meáns.

DESCRICIÓN

Sen plataforma nin pedestal. O varal, arrinca do muro, cilíndrico. Tiña capitel circular con remate cadrado. Cruz latina cuadrangular e lisa.



CRUCEIRO DE MENLA

SITUACIÓN

Estaba no cruce que fai o Camiño Real co que baixa ó Canudo.

DESCRICIÓN

Non tiña plataforma. O varal arrincaba e remataba cadrado, sendo polo medio octogonal.

O capitel, cúbico, e o fuste eran dunha soa peza.

A cruz, sen imaxe, era grega octogonal con cabezas cadradas.



CRUCES DESAPARECIDAS NOS ÚLTIMOS TEMPOS

CRUZ DA PARADELA

SITUACIÓN

Hoxe en día desaparecida. Estaba no alto de Pradela, no cruce de camiños que van a Moaña-Ermelo e a Chans-Pastoriza.

DESCRICIÓN

Como plataforma tiña unhas pedras dun muro.

O pedestal era cúbico. A cruz, octogonal-redondeada, dunha peza.



CRUZ DA DEVESA – A PORTELA

SITUACIÓN

Na paraxe da Devesa, no cruce que fai o camiño que baixa do actual cemite-rio de Bueu co que vén do Prado do Burro e segue á aldea da Portela.

DESCRICIÓN

Desta cruz non queda máis que unha pedra natural sen labra na que está chantado un toro do varal. Buscando na área atópanse un anaco do mastro que encaixa perfectamente co resto do tocón e tamén un anaco de pedra labrada de menor sección có mastro, o que fai pensar que é un anaco dun brazo da cruz.



CRUZ DA CANEXA – A PORTELA

SITUACIÓN

Na paraxe da Canexa, no camiño que atravesa o lado oeste da aldea da Portela, no cruce da desviación que vai ó río.

DESCRICIÓN

Desta cruz só queda un varal de 1'65 m de alto que está tirado no ca-miño arrimado a un muro. É cuadrangular con aristas mortas.



CRUZ DA LAPEIRA - CABALO



SITUACIÓN

Enriba da praia de Sartaséns. Nunha pequena desviación da Rota de sendeirismo P.R.-G53, que da Roiba leva a Tuia.

DESCRICIÓN

Sobre un gran penedo natural, hoxe fendido, érguese un cativo mas-tro de forma cuadrangular con aristas mortas inxerindo no mesmo un xeito de capitel cuadrangular. A cruz desapareceu.

Na cara norte ten unha placa de mármore con inscrición que testi-muña ser cruz misional. Lese "RECUERDO DE LA SANTA MISIÓN 1930 A LA MEMORIA DE ". Non podendo lerse ben as últimas palabras.



PETOS DO CONCELLOS DE BUEU

SAN ANTONIÑO DE MEIRO



SITUACIÓN


No antigo camiño Real, no lugar de Menla, en Meiro, preto ó camiño que vai cara o Canudo.

Meiro celébralle unha festa na súa honra.

VIRXE DO PORTAL

SITUACIÓN

No lugar do Torrón, parroquia de Cela. Adosado, polo exterior, a un muro da finca da casa do Pracer.



SANTOS REIS

SITUACIÓN

Na fonte do mesmo nome, fronte á capela dos Santos Reis.

LENDA

Antigo velorio dos Sto. Reis. Desaparecida a capela primitiva, quedou como única testemuña este peto que era obxecto de culto. A ofrenda facíase con foguetes.



CRISTO DA AGONÍA

SITUACIÓN

No lugar do Balado, no camiño de Pomar que vai cara o río Bispo. Considérase un cristo esnaquizado dalgún cruceiro pertencente á capela antiga dos Stos. Reis.



PORTALÓNS COROADOS CON CRUZ

PAZO DE SANTA CRUZ



Portalón de entrada ó campio da capela.
Nos laterais do arco lese "ANO DE 1671"

Portalón de entrada ó Pazo de Santa Cruz



PAZO DO CASAL



No lugar da Graña, á beira da estrada que vai a
Cangas.

PAZO DE OURIL



Na Cabriteña, na estrada
de Beluso á Portela





FIGUEIRÓN

Na praia de Beluso, na finca do Figueirón. Segundo nos contan, o seu lugar orixinario foi a casa "da Barreira" na Ruanova.



Detalle

A GRAÑA



Na encrucillada do camiño, eixo da aldea da Graña que sobe a Cacela. Preto do cruceiro da Graña.

ENLEITO



No Enleito, no camiño de Stª Cruz. Na antiga propiedade da familia Caiño.

DE PORTO



En Sar, no alto do Coto. Pertenceu á familia Camiña. Hoxe en día é, por herdanza, da familia Porto-Lamela.

SAR



En Sar de Abaixo, Beluso. Ten inscrición da familia á que pertencía:


"E. PERFECTO CAMIÑA
AÑO DE 1937"

DO COTO

No Coto-Sar, freguesía de Beluso.
Finca do "Coto", casa solariega
da familia López.

A ROSA

Casa da familia Millán-Otero. Ten unha inscrición
que di "*Ano de 1800*". Está na estrada que baixa á
Rosa, pouco máis adiante do cruce que vai a Sar.

PRAIA DE BELUSO

No mesmo centro da praia atopamos
este cativo e recente portal coroadado con
cruz.

DE PIÑEIRO

No Alto do Coto ou Loureiro (Sar). Hoxe en día carece de
cruz, da que queda o pedestal. Curiosamente os pináculos es-
tán rematados con bonetes de crego.

O NORTE

Esta casa considerada unha das
máis antigas de Bueu e coméntanos
que antano foi xulgado, cárcere...

Hoxe en día dá entrada a varias
vivendas.

ANEXO


CRUCES E CRUCEIRO NOVOS OU QUE XA CITADOS SUFRIRON ALGUNHA MODIFICACIÓN

• CALVARIO

SITUACIÓN

A portada deste O Candil foi unha composición que expresaba un desexo de velo Calvario orixinal ao completo. isto fíxose realidade case que un ano despois. Desde o martes, día 18 de xaneiro do 2000, o Calvario orixinal volve a estar xunto. Os ladróns foron cedidos pola familia Massó para que se emprazaran no adro parroquial a ambos lados do cruceiro anteriormente instalado.

A familia de canteiros Sanmartín está moi relacionada co Calvario nos últimos tempos xa que Cesáreo Sanmartín foi o encargado de colocar os ladróns nos xardíns da familia Massó; o seu fillo Agustín Sanmartín colocou o cruceiro central na base actual despois de recompoñelo por estar



esnaquizado ó caer no cemiterio vello; e o seu neto, tamén Agustín, foi o encargado por Tomás Massó para unir definitivamente o Calvario.

En canto ás persoas que fixeron posible ó reencontro no tempo do calvario para contemplación de futuras xeracións hai que subliñar a Dona M^a Angeles Bolívar Sequeiros e os seus fillos. E para ser xustos hai que facer mención de Alberto Carro Cayuela, casado con Ángeles Massó Bolibar, e que na sombra, a petición duns amigos, insistiu ante a súa sogra para que esta dera o pulo necesario ante os seus fillos de facer doazón dos "ladróns" á parroquia de Bueu. Persoas coma Aldao e outras que prefiren o anonimato tamén axudaron tendendo "lazos", non sempre visibles, que serviron de ponte para facer posible o traslado.

Outras referencias:

En "*Cruceros, Petos y Ánimas*" de García Alén podemos ler dos ladróns:

"BUEU – PONTEVEDRA 4

Esta PIEZA, en unión de la siguiente, estuvo emplazada, formando parte de un Calvario en el Cementerio de Bueu. El Mal Ladrón, con gesto violento y retorcido, simboliza la muerte del incrédulo. En el capitel un diablo burlón.

BUEU – PONTEVEDRA 5

El Buen Ladrón representa la muerte tranquila y serena del hombre que descansa en Dios. Un ángel sonríe desde el capitel."

• CRUZ DO OUTEIRO

Hoxe en día, xullo do 2006, por derrube da pedra que o sustiña está tirado (o seu estado é de esnaquizamento e abandono) cara as veigas que lle facían desnivel. Non son capaz de apreciar se as causas foron naturais o por mor das traballos de ampliación da estrada que vai cara o igrexario de Cela.

CRUCEIRO DO AMOR

por Manuel Aldao Portas



SITUACIÓN

No lugar da Graña. Finca de Agustín Abal Faria e de Esperanza Aldao Curra.

AUTOR:

Manuel Aldao Portas

DATA DE ASENTAMENTO: 10 de maio de 2003

PERSOAS PRESENTES E COLABORADORAS PARA ERGUELO:

Manuel Aldao Portas / Agustín Abal Faria / Xulio Xuncal Argibay / Celestino Xuncal / Xosé Menguíña Menguíña / Daniel Abal Aldao / Andrés Abal Aldao

A IDEA DE FACER UN CRUCEIRO:

Nos anos oitenta fixen un traballo sobre OS CRUCEIROS E CRUCES DA PENÍNSULA DO MORRAZO, do que, no ano 1999, publicouse unha parte co título: CRUCES, CRUCEIROS E PETOS DO CONCELLO DE BUEU.

Xa xubilado comecei a traballar un pouco na pedra facendo pequenas cousas prácticas, e como o tema do cruceiro gustábame tanto, empecei a acariciar a idea de que o meu traballo dos cruceiros quedaría máis completo se eu mesmo fixera un cruceiro en pedra. Como arqueoloxicamente pretendía achegarme o máis posible á crucifixión de Xesús, procurei documentarme naqueles libros, o meu alcance, que falasen do tema:

- | | |
|---------------------------------------|--|
| • EVANXEOS CATÓLICOS | • CABALLO DE TROYA, 2 (J. J. Benitez) |
| • EVANXEOS APÓCRIFOS | • EL DISCÍPULO AMADO (Antonio Enrique) |
| • 14 NISAN, ÚLTIMO DÍA DE JESÚS | • ARTIGOS (Muy Interesante) |
| • CABALLO DE TROYA, 1 (J. J. Benitez) | • OUTROS ARTIGOS |

Intensifiquéi os meus traballos na pedra a fins de adquirir certa destreza, e a vez facía unha maqueta en madeira de buxo, a un décimo da figura de pedra, para estudar os planos en que tiña que desenrolar cada parte do cruceiro; sobre todo a figura de Xesús e o capitel. Cando me decidín a poñerme a obra tratei de traer a pedra dunha canteira de Limens, que era branca e de gran fino, pero como non ma daban entregada optei pola canteira de Borrallido, anque non fora tan boa pedra. Custáronme as catro pedras 25.000 ptas., e traela 5.000 ptas. Total 180 €.

Comecei co capitel, seguí co pedestal, logo o mastro e deixei para a última etapa a cruz.

Toda a ferramenta foi manual, picos buxardas, punteiros, ciceles, maza, etc. O único elemento mecánico utilizado foi unha amoladoura de bricolaxe. No reportaxe fotográfico do seguimento da labra do cruceiro, hai unhas fotografías con todas as ferramentas utilizadas nesta labra.

MEMORIA DESCRITIVA DO CRUCEIRO

Neste cruceiro Xesús aparece espida, sen pano púdico, e presentase cravado con catro cravos, un en cada pulso, e outro cravo en cada pe. As proporcións anatómicas son as de un home de 1,80 m. De alto que é a estatura que se cree tiña Xesús. Para poder manter estas proporcións en toda a imaxe subín a figura todo o

que puiden, por iso as mans de Xesús ó cravalas polos pulsos sobresaen un pouco por encima do madeiro, o mesmo que ó dobrarlle as pernas polos xeonllos ganei un pouco de medida na imaxe. Recorrín a estes medios porque o bloque de pedra acudiu escaso, e por facilidade de cálculo, interesábame as medidas que ten, porque só tiña que dividir por tres as reais dun home de 1,80 m.

Xesús está caído a diante pendurado dos brazos, con pelo longo, barba e coroa de espiños e coa dirección da mirada o chan, a os que estamos o pe da cruz, pois a intención é presentar a Xesús aínda vivo, por iso non ten a ferida da lanza nas costelas, e falándonos, di: "AMÁDEVOS". A figura de Xesús aparece moi separada da cruz, con amplos baleirados na parte das costas, brazos e pernas, deixei os glúteos pegados á cruz por seguridade.

A columna vertical da cruz é cilíndrica, mentres que o madeiro transversal é cuadrangular, porque parece que así foi. O mastro vertical para a crucifixión xa estaban postos, neste caso, no Gólgota, e o reo levaba o lombo o madeiro transversal, que era un pao serrado cun buraco no centro para meter no mastro. Esa é a razón de porqué esta peza vertical é troncocónico a xeito de árbore, con carapa e nós, e a parte superior que sobresaen, escarapelada e desbastada.



CAPITEL

Corintio con dúas fileiras de follas de acanto, comeza cilíndrico e remata cun ábaco cuadrangular de lados cóncavos. Na cara frontal ten un querubín. O capitel ten un oco na parte superior onde entra a cruz, e outro por abaixo onde entra o mastro. Neste cruceiro non hai elementos metálicos de suxeición.



MASTRO

Cilíndrico liso, sen gravados nin relevés.

PEDESTAL

Pedestal cúbico con remate superior cilíndrico, composto por un toro e un caveto.

BASAMENTA

Unha moa dun hórreo aproveitada.

LENDAS

Nas catro cartas do pedestal ten inscricións, no frontal, sobre un pergamiño en releve léese:

Á Fe
Dos
Meus
Avós.



Os meus avós paternos, Manuel e Esperanza, eran moi devotos, cando estaban labrando, o toque de Anxelus, meu avó para o gando e rezaban as oracións que miña avoa dirixía, e con eles tódolos que estaban no suco.

Sempre me conmoveu, que outras persoas me recordasen este xesto, por iso dedico este cruceiro ó recordo daqueles dous santos.

Na cara este, dentro dun cordón en releve que fai unha elipse di "AMÁDEVOS". Esta lenda é o principal mensaxe deste cruceiro, tiña que estar na cara frontal, e esa foi sempre a miña intención, pero por uns defectos na construción do pedestal, no momento de asentalo elixín como frontal a cara que ten, pero aínda así desexo de todo corazón que estas palabras de Xesús sexan un imperativo para os meus fillos, netos e para os seus descendentes.

Na cara este, dentro dun marco, con un cordón tamén en releve ten a inscrición de "ANO 2.001", que é a data do remate desta peza do conxunto, e asentamento no sitio.

Na cara sur, sobre o releve dun prego desenrolado, ten o meu nome: "MANUEL ALDAO".

Na parte superior da cruz, leva a lenda que lle puxeron a Xesús:

"Iesús Nazareus
Rex iudaeorum"

BENDICIÓN

Foi BENDICIDO este cruceiro o 19 de xullo de 2.003 polo cura párroco de San Martiño de Bueu, D. Xosé Iglesias Costas. A todos os presentes o acto nos parecía que se estaba celebrando unha cerimonia moi solemne, e que quedou corroborado cando, ó rematar, o sacerdote vólvese cara a nós e di:

"En la bendición de este cruceiro se procedió con todos los ritos previstos en la consagración de un monumento u obra religiosa que va a estar a exposición pública"

Asistiu ó acto toda a miña familia próxima, a miña muller Carme Curra Couso, o meu xenro Agustín Abal Faria e os meus fillos, Esperanza, Beatriz e Ana, os netos Daniel e Andrés. Faltou Manuel e a súa muller Clara, por razóns de traballo, e tamén estiveron presentes un grupo de amigos que relaciono:

D. Xosé Martínez Camiña, mestre meu no bacharelato / Tomás Massó Bolibar
Virginia Portela Marín / Antonio Veiga González / Sara Ferro Paz
Aureliano Davila Juncal / Carme Piñeiro Piñeiro / Enma Tilves
Xulio Xuncal Argibay / Áurea Abal Faria

Ó rematar a cerimonia, celebramos o acontecemento cunha cea ó carón do cruceiro.



CRUCEIRO DA PORTELA



SITUACIÓN

Subindo pola estrada que desde o Lavadoiro da Portela vai á aldea do mesmo nome. A uns cen metros do Cruceiro do Río, á man dereita, nun xardín particular.

DESCRICIÓN

Sobre unha plataforma cadrada dunha grada e pedestal cúbico sae un fuste octogonal.

O capitel que arrinca coma tronco de pirámide remata coma prisma rectangular.

A cruz é latina rectangular e lisa.

CRUCES DO PAZO DE CASTRELO

SITUACIÓN

Localizada nunha falsa ventá que ten o muro interior da entrada principal..

DESCRICIÓN

A cruz latina de corte octogonal cos remates ou cabezas cadradas.

O pedestal, de diferente pedra que a cruz, é cúbico cos bordes biselados. Posúe no seu fronte unha inscrición dunha cuncha de vieira.



CRUCEIRO DE RESILLE

SITUACIÓN

Localízase no xardín dunha casa á man esquerda a pouco de inicia-la subida desde o Rimiñoto a Resille.

DESCRICIÓN

Pedestal de tronco de pirámide cuadrangular coas caras resaltada.

O mesmo varal forma parte dos brazos da cruz. Tanto o fuste como a cruz son cilíndricos. Indicar que o brazo alto é máis longo do habitual nas cruces; ten remate redondeado.

O cristo, de escasa talla, como pegado á cruz. Os pes, paralelos e apoiados nunha cuña, teñen un cravo cada un. Os brazos están cravados na palma da man.



CRUCEIRO DA CASA DO PRACER

SITUACIÓN

No lugar do Torrón, parroquia de Cela. Dentro da finca da Casa do Pracer preto das entradas a igrexa e da casa.

DESCRICIÓN

Sobre un pedestal cúbico coas súas arestas laterais e superiores biseladas.

O varal cadrado coas súas arestas bastantes desgastados.

O capitel, cúbico, ten modelada unha bola nos seus vértices inferiores.

A cruz latina non ten imaxe.



CRUCEIRO E CRUCES DO BELOSO



O
anatomía do corpo.

LENDAS : Foi feito no ano 1998.

CRUCES: DESCRICIÓN

Ten as dúas entradas coroadas con pequenas cruces franqueadas por puntas de frecha. No lintel do portalón grande ten a inscrición "ANO DE 1991"



CRUCEIRO DE QUEIMAÑO

SITUACIÓN

Localizado na estrada do Torrón á Torre, no cruce de Queimaño. Estaba desmontado e tirado nunha finca privada. Apreciase a basa e fuste.



No lugar de Queimaño na estrada que desde o Torrón vai ó Grupo Escolar de Cela. Atópase no xardín dunha casa construída na primeira curva logo de subir a costa que vai cara Bueu desde os muíños do Barranco do Inferno.

DESCRICIÓN

Pedestal, case cúbico, está a penas traballado.

A cruz, da que un dos lados fai de varal, latina octogonal polas arestas biseladas, con remates cuadrangulares.

No centro da cruz presenta un rombo sen inscrición.

LENDAS

A cruz atopábase desmontada no 1999 ata que recentemente tivemos noticias da súa restauración.



CRUCEIRO DE VILAR

SITUACIÓN

En Vilar de Abaixo, na última casa preto da fonte e lago de Vilar.

DESCRICIÓN

Localizada no xardín da casa. Ten plataforma cadrada dunha soa grada. O pedestal é cúbico con adornos circulares.

Con varal que arrinca cadrado uns 40 cm para seguir octogonal ata o capitel de estilo corintio con follas de acanto e motivos florais nas catro caras.

A cruz, latina cuadrangular, coas arestas biseladas. Un Xesús crucificado coa cara mirando ó fronte. O pé dereito sobre o esquerdo. INRI no cabezal. Ten tres cravos.

No reverso da cruz unha Virxe da Piedade co Cristo xacente no seu regazo.

No varal hai dúas imaxe apoiadas na cabeza dun anxo cada unha. No lado do Crucificado ten un "Bo Xesús" e no lado da Virxe unha santa con hábito relixioso portando unha cruz.



CRUCEIRO DO PALANCAL

SITUACIÓN

Na finca que no lugar do Palancal ten a familia Massó.

DESCRICIÓN

O cruceiro ten unha plataforma cadrada dunha soa grada. No frontal do pedestal atópase unha caveira cos ósos cruzados. A cruz latina cuadrangular, con INRI, ten pola cara norte a Xesús crucificado coa cabeza ergueita, ladeada á dereita, coroada de espiños. Na cara sur ten a imaxe da Virxe pregando, coas mans cruzadas.

O varal cuadrangular, con aristas redondeadas e espiñosas e o capitel en tronco de cono con volutas adornadas con anxos.



LENDA

Era o cruceiro central do calvario que a familia Massó tiña nos xardíns da casa central en Bueu. O Cristo fora mercado ó cura de Xeve por José M^a Massó nos anos 1920 para completar o calvario cos dous ladróns da antiga capela dos Santos Reis. Trala doazón destes por parte da familia Massó á parroquia de San Martiño de Bueu foi trasladado por Fernando Massó ó seu asentamento actual, nos xardíns da súa casa, dominando o mar da enseada do Palancal. Ao seus pés unha ancora parece querer fixalo definitivamente.



CRUCEIRO DE "OS CARBALLOS"

SITUACIÓN

Está nun xardín particular, baixando da Rosa cara a Udra, ás man dereita, nun camiño que a 600 m da Igrexa parroquial vai cara as praias de Tuia ou Mourisca. Tal e como indica o nome da propiedade onde se atopa o cruceiro este está á sombra duns carballos.




DESCRICIÓN

Ten unha grada e pedestal cúbico. O varal é cuadrangular.

O capitel de tronco piramidal invertido con resaltes.

A cruz latina, toroidal e lisa con dúas imáxes:

- Un cristo coroadado de espiños (que se intúen), moi estilizado e de trazas moi sinxelas; apoiado nunha pequena plataforma cúbica a un par de centímetros do capitel.
- Unha imaxe, no reverso, da virxe con velo.



CRUCEIRO "PEDRAS LADRAS"

SITUACIÓN

Está no camiño da Leguina que é o que desde a baixada á praia de Mourisca vai ó que desde a estrada de Sar a Udra baixa ás praias de Tuia ou Mourisca. Na finca particular "Pedras Ladradas".

DESCRICIÓN

Colocado en decembro do ano 2003. Cunha grada elevada nun "parterre" circular. Con pedestal que arrinca de forma cúbica para rematar en forma octogonal polos cantos biselados de menos a máis a medida que ascende. O varal é cilíndrico salteado de apéndices de pólas; na súa base, que é cuadrangular, hai dúas tallas que semellan raíces.

O capitel, que comeza cun anel, está formado por un ramallo de follas con formas de lingüeta.

A Cruz latina toroidal, salpicado de nós e con INRI, con dúas imaxes.:

- Un Cristo coroadado de espiños, coa cabeza ladeada, barba e cravado con tres cravos (un en cada man e outro para os pés).
- Unha imaxe, no reverso, da virxe do Carme con Xesús neno no colo.





CRUCEIRO DO BELOSO II

No camiño do Beloso de Arriba ata chegar á estrada, xunto á Cabreira. Fáltalle a cruz e non é probable que tivera capitel.

CRUZ DO PORTAL DE MEIRO

SITUACIÓN

Na parte de atrás da casa (fronte ó Bar Barniz) que fai cruce do camiños que do Outeiro de Meiro soben a Vilariño.



CRUZ DA RECTORAL DE BELUSO



Na esquina do muro que está fronte a entrada da Igrexa. Queda un pouco agochada polas pedras que do muro engarzan co portal de acceso á Rectoral.

Sinxela cruz latina de pequenas dimensións achantada no muro.

PETO DE LAGOS

Na casa que na baixada á praia de Lagos (Beluso) posúe a familia de José María Massó. Está localizado nun dos seus muros interiores.



ESTATÍSTICA DOS CRUCEIROS DO CONCELLO DE BUEU

CARACTERÍSTICAS	S. Martiño de Bueu	Stª. María de Cela	Stª. María de Beluso	TOTAL
PLATAFORMA DA BASAMENTA				
Sen plataforma	15	5	8	23
Cunha grada	5	1	1	7
Con dúas gradas	2		2	4
Con tres gradas	2		4	6
Con cinco gradas			1	1
PEDESTAL				
Sen pedestal	5	1		6
Cúbico	11		2	13
Cúbico biselado	2	3	3	8
Con gorxa	1		2	3
Cuadrangular	1	1		2
Pedestal cilíndrico	1			1
Pedestal en perpiaño	3	1	1	5
Pedra erosionada			2	2
Pedestal hexagonal			1	1
VARAL – FUSTE - MASTRO				
Cuadrangular biselado	6		2	8
Cuadrangular espiñoso-nudento	5	1	1	7
Cilíndrico	2		3	5
Cilíndrico espiñoso-nudento			1	1
Octogonal	11	5	3	19
Hexagonal			1	1
CAPITEL				
Sen capitel	1		1	2
Cuadrangular	9	4	5	18
Tronco de pirámide cuadrangular			2	2
Tronco de cono invertido	1		1	2
Cilíndrico	8	1	1	10
Corintio-cilíndrico	4	1	1	6
Semiesférico	1			1
SECCIÓN DA CRUZ				
Cuadrangular	6	1	4	11
Cuadrangular con remate floral	1			1
Cuadrangular espiñoso-nudento	1	1	1	3
Rectangular	2			2
Cuadrangular biselada	3	1	4	8
Octogonal	5		1	6
Octogonal con remate florisqueado	1	1	1	3
Cilíndrico	1			1
Cilíndrico espiñoso-nudento	1	2		3
Romboidal con remate floral	1			1
	S. Martiño	Stª. María	Stª. María	

CARACTERÍSTICAS	de Bueu	de Cela	de Beluso	TOTAL
IMAXE DE CRISTO				
Coa cabeza ergueita	3	2	6	11
Coa cabeza caída cara diante	1	1	1	3
Coa cabeza sobre o ombreiro dereito	7	2	2	11
Mans abertas	1	3	2	6
Mans semipechadas	10	2	7	19
Con coroa de espiños	11	3	7	21
Sen coroa		2	1	3
Con INRI	10	3	9	22
Sen cravos		1		1
Con catro cravos		1		1
Co pé esquerdo sobre o dereito	1	1	1	3
Sen imaxes	11	1	2	14

IMAXE DA VIRXE

Pregando	4	1	4	9
Dolorosa	1		1	5
Piedade	1		2	3
Carme	2	1		3
Peregrina			1	1
Sen imaxe	3	3	1	7

OUTROS SIGNOS

Con santiños no fuste	1	2	2	5
Con signos da paixón	1	1		2
Con mesa	1	1	1	3
Con inscrición	4	1	4	9

SITUACIÓN

Igrexas	2	2	2	6
Capelas	1		1	2
Cemiterio	1			1
Cruces de camiños	10		2	12
Nos montes	2			2
Zona urbana	2			2
Fincas particulares	4	4	6	14

ESTATÍSTICA DAS CRUCES DO CONCELLO DE BUEU

CARACTERÍSTICAS	S. Martiño de Bueu	Stª. María de Cela	Stª. María de Beluso	TOTAL
CRUCES				
Altas	3	3	1	7
Baixas	7	2	1	10

ÍNDICE

O CRUCEIRO	3
XÉNESE E ARTE DO CRUCEIRO. PARTES. ICONOGRAFÍA	4-7
CRUCEIROS NO CONCELLO DE BUEU. MAPA	8-10
VARIACIÓNS NOS REMATES DAS CRUCES DO CONCELLO	11-12
PARROQUIA DE SAN MARTÍÑO:	13-28
VIACRUCIS A SANTA CRUZ	13
CRUCEIRO DE SANTA CRUZ	14
CRUCEIRO DA IGREXA DE BUEU	15
CALVARIO	16
CRUCEIRO DA IGREXA DE BUEU II	17
CRUCEIRO DE MOROUSOS	18
DO CEMITERIO DE CASTIÑEIRAS E DA GRAÑA	19
CRUCEIRO DO ENLEITO E DE TRASOUTO	20
CRUCEIRO DE RAMÓN BARES E DA BANDA DO RÍO	21
CRUCEIRO DA CAPELA DE SAN XOSÉ	22
CRUCEIRO DO PAZO DO CASAL E DO DE CASTRELO	23
CRUCEIRO DE XEXIDE, DE PORTAS E DE COBERTOREIRO	24
CRUCEIRO DA CACELA E DA PORTELA	25
DAS QUINTANS, DO NORTE E CRUZ DO MONTIÑO	26
CRUZ DA CASA NOVA, DA GRAÑA E DE CARAVÉLOS	27
DO PIÑÓN, DA CANCELIÑA, DAS MEANS, DA CIVIDADE E DO OUTEIRO	28
PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BELUSO	29-36
CRUCEIRO DA RUANOVA	29
CRUCEIRO DA ROSA	30
CRUCEIRO E CRUZ DE SANAMEDIO	31
CRUCEIRO DE MONTEMOGOS, AREA DE BON E CORNIDE	32
CRUCEIRO DE LAGOS	33
CRUCEIRO DE FORQUEIROS	34
CRUCEIRO DAS TOMADAS	35
CRUCEIRO E CRUZ DE OURIL	36
PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CELA	37-41
CRUCEIROS DA IGREXA DE CELA E CRUZ IGREXARIO	37-38
CRUCEIRO DE ROUBIN E DE LAPAMÁN	39
CRUCEIRO DE PORTOMAIOR E DO BURGO	40
CRUZ DO CARBALLAL, DA ESCULCA E DE ERMELO	41
CRUCEIRO DE ONS	42
CRUCEIROS DESAPARECIDOS NOS ÚLTIMOS TEMPOS	43
CRUCES DESAPARECIDAS NOS ÚLTIMOS TEMPOS	44
PETOS DO CONCELLO DE BUEU	45
PORTALÓNS COROADOS CON CRUZ	46-48
ANEXO: CRUCES E CRUCEIROS NOVOS OU CON VARIACIÓNS	49-59
CALVARIO DE BUEU. CRUZ DO OUTEIRO	49
CRUCEIROS DO AMOR (MANUEL ALDAO)	50-52
CRUCEIRO DA PORTELA.. CRUCEIRO DE CASTRELO	53
CRUCEIRO DE RESILLE. CRUCEIRO DO PRACER	54
CRUCEIRO-CRUCES DO BELOSO. CRUCEIRO DE QUEIMAÑO	55
CRUCEIRO DE VILAR (BELUSO)	56
CRUCEIRO DO PALANCAL (BELUSO)	57
CRUCEIROS DE "OS CARBALLOS" E "PEDRAS LADRAS"	58
CRUCEIRO DO BELOSO II. CRUZ DE MEIRO E BELUSO. PETO LAGOS	59
ESTATÍSTICA DOS CRUCEIROS DO CONCELLO DE BUEU	60-61